



Estimadas familias:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou a *Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23* (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H). (DOG 18-05-22).

Existen dous tipos de axudas:

a) Material escolar: Para todo o alumnado que realice Educación Primaria no curso 2022/2023. A axuda será de 50€ se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€.

b) Libros de texto:

- Alumnado que no vindeiro curso realizará 1º e 2º de Educación Primaria:
 - Axuda de 210 €, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
 - Axuda de 140 €, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€
 - Axuda de 275 €, para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.
- Alumnado que no vindeiro curso realizará 3º e 4º de Educación Primaria:
 - 6 libros, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
 - 4 libros, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€
 - 6 libros, ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

Importante:

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria non pode solicitar o fondo de libros ao estar incluídos no proxecto de Educación Dixital E-Dixgal. Unicamente poderán optar ás axudas de material escolar. A solicitude é a mesma.

No caso de varios irmáns entregárase unha única solicitude na que se recollan os datos de todos eles.

Os datos da renda refírense ao exercicio 2020, (a consulta é automática por parte da Consellería, sempre que o/a solicitante non a denegue).

Para os datos referidos á unidade de convivencia terase en conta a data de 31 de decembro de 2020. A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2020 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460);

cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As solicitudes poderán presentarse das seguintes maneiras:

a) Por vía electrónica nos formularios normalizados (anexos I e II) dispoñibles na aplicación informática Fondolibros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

b) Presencialmente nos centros educativos entregando o Anexo I e Anexo II, que tedes que entregar debidamente cumprimentado. Estes anexos poderedes solicitalos en Secretaría.

O prazo para devolver cuberta a solicitude remata o 22 de xuño (pregámosvos que non o deixedes para os últimos días).

A falta de devolución dos libros de texto do presente curso (3º e 4º de Primaria) será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2022/23.

A devolución dos libros de texto (3º e 4º de Primaria) farase como último día o 22 de xuño.

As listaxes de admitidos e excluídos das axudas e do fondo de libros publicaranse no taboeiro ubicado no interior do centro educativo nas seguintes datas:

Listaxe provisional: 1 de xullo

Listaxe definitiva: 12 de xullo

Se tedes calquera dúbida poñédevos en contacto co Equipo Directivo.

Un saúdo
O Equipo Directivo